

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE VIVEIRO PARA A PRIMEIRA FASE NA CREACIÓN DO CENTRO TERAPÉUTICO PARA O TRATAMENTO INTEGRAL DA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

Primeiro.- Competencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

No marco destas competencias, considérase necesario promover actuacións dirixidas á mellora, modernización e adaptación dos recursos sociais destinados á atención de persoas maiores e persoas con necesidades de apoio, especialmente cando estas actuacións contribúen a reforzar a calidade da atención, a accesibilidade, a seguridade, a funcionalidade dos espazos e a dispoñibilidade de recursos adecuados para a prestación de servizos especializados.

Segundo.- Identificación da entidade beneficiaria

A Asociación de Familiares de Persoas con Alzheimer e outras Demencias de Viveiro, en diante AFA Viveiro, é unha entidade de iniciativa social dedicada á atención de persoas con enfermidade de Alzheimer e outras demencias, así como ao apoio das súas familias e persoas coidadoras.

A entidade presta servizos dirixidos ás persoas afectadas por estas patoloxías desde fases iniciais ata fases moderadas, mediante actuacións vinculadas ao mantemento da calidade de vida, á estimulación cognitiva, ao acompañamento psicolóxico e afectivo das familias, á



información, á formación e á prestación de servizos complementarios ao sistema sanitario e social.

AFA Viveiro figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E2109, de conformidade co previsto no artigo 66 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

As actuacións obxecto do convenio realizaranse nas instalacións situadas na rúa Irmáns Vilar Ponte, nº 23, CP 27850, no Concello de Viveiro, cedidas polo Concello á entidade, co fin de avanzar na creación dun Centro terapéutico para o tratamento integral da enfermidade de Alzheimer e outras demencias.

Terceiro.- Necesidade das actuacións

AFA Viveiro conta cunha demanda crecente de atención especializada por parte de persoas afectadas por Alzheimer e outras demencias, así como das súas familias e persoas coidadoras. O local no que se viñan prestando os servizos resulta insuficiente en termos de espazo e funcionalidade para atender axeitadamente as necesidades actuais da entidade e das persoas usuarias.

Esta situación fai necesario avanzar na creación dun novo Centro terapéutico que permita dispoñer de instalacións máis adecuadas para a prestación de servizos de información, formación, apoio psicolóxico, acompañamento ás familias, estimulación cognitiva e intervención terapéutica coas persoas afectadas.

Cuarto.- Actuacións a financiar

A actuación obxecto do convenio consiste na execución dos investimentos vinculados á primeira fase das obras de adecuación interior do local de AFA Viveiro situado na rúa Irmáns Vilar Ponte, nº 23, CP 27850, destinadas á creación do Centro terapéutico para o tratamento integral da enfermidade de Alzheimer e outras demencias en Viveiro, de acordo co detalle recollido no anexo I do convenio e o seu proxecto técnico.

As actuacións previstas comprenden as seguintes:



As obras que se pretenden realizar con esta actuación concréntanse na disposición dos espazos interiores no local e a súa distribución modular das estancias para a atención dos futuros beneficiarios enfermos de Alzheimer e familiares da Comarca da Mariña.

Para a posta en marcha do Centro terapéutico realizaranse obras de división e falsos teitos, arranxo dos pavimentos e revestimentos así como o cambio da instalación eléctrica xa que están totalmente deteriorados ou obsoletos para a finalidade pretendida.

Os bens adquiridos deberán destinarse exclusivamente ao Centro terapéutico para o tratamento integral da enfermidade de Alzheimer e outras demencias en Viveiro e quedar afectos á finalidade subvencionada durante o período que resulte exixible conforme á Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia .

Quinto.- Finalidade da subvención

A finalidade da subvención é financiar a primeira fase das obras de adecuación interior do local destinado á creación do Centro terapéutico para o tratamento integral da enfermidade de Alzheimer e outras demencias en Viveiro.

Sexto.- Interese público e social

O interese público e social da actuación vén determinado pola finalidade asistencial e terapéutica do centro que se pretende crear, dirixido á atención de persoas con Alzheimer e outras demencias e ao apoio das súas familias.

Sétimo.- Singularidade da actuación e xustificación da concesión directa

A concesión directa da subvención xustifícase pola concorrencia de razóns de interese público e social que dificultan a promoción dun procedemento de concorrencia pública, nos termos previstos nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A singularidade da actuación debe valorarse atendendo ao contexto territorial da Mariña lucense, comarca que presenta especiais dificultades socioeconómicas derivadas da situación do seu tecido industrial, entre elas a crise vinculada á actividade de Alcoa. Este contexto incide na capacidade das familias, das entidades sociais e do tecido local para afrontar por si mesmos a creación de novos recursos especializados, especialmente cando se trata de



servizos dirixidos a persoas maiores, persoas con deterioro cognitivo e persoas en situación de dependencia.

A actuación obxecto deste convenio non pretende configurar unha liña xeral de axudas para actuacións de creación ou adecuación de centros por parte de distintas entidades, nin seleccionar entre propostas alternativas. O que se persegue é financiar unha actuación singular, delimitada técnica e economicamente, promovida por unha entidade concreta e sobre un recurso específico, co obxectivo de mellorar a atención ás persoas con Alzheimer e outras demencias e ás súas familias.

Por iso, a concorrência competitiva non resulta o instrumento máis axeitado neste caso, xa que o financiamento se dirixe a unha actuación singular, delimitada técnica e economicamente, sobre un recurso residencial público municipal determinado, co obxectivo de mellorar a seguridade, a accesibilidade, a habitabilidade e o benestar das persoas maiores usuarias.

Oitavo.- Encaixe no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

O proxecto que se financia mediante este convenio inscríbese no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e coa Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do dito plan.

A actuación obxecto deste convenio intégrase no compoñente 22, investimento C22.I1, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no marco do Proxecto nº 1 da Comunidade Autónoma de Galicia, “Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos” e contribúe ao cumprimento do obxectivo CID 323, relativo á renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día para a adaptación das prazas ao novo modelo de coidados de longa duración.

Noveno.- Financiamento



O importe íntegro da actuación ascende a cincuenta mil euros (50.000,00 €). A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o seu importe íntegro con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

A achega realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.780.1, código de proxecto 2025 00162, na que existe crédito axeitado e suficiente para esta finalidade.

A subvención limitarase ao financiamento dos gastos correspondentes ás obras, instalacións, subministracións e servizos previstos no convenio e no seu anexo. En ningún caso poderá supoñer beneficio económico para AFA nin superar o custo da actuación subvencionada.

Por todo o exposto, enténdese xustificado o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación AFA para para A Creación do Centro Terapéutico Para O Tratamento Integral Da Enfermidade De Alzheimer E Outras Demencias, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

Antonio Acevedo Prado

